

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LOUSAME

Dedicacións exclusivas e parciais

No cumprimento do artigo 75.5 da LRBRL, faise público que o Concello de Lousame, mediante Resolución da Alcaldía 135 do 13/03/2025, adoptou o seguinte acordo:

<<M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, tómao en base aos antecedentes administrativos e fundamentación xurídica que de seguido se indica.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Real Decreto-Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (convalidado polo Congreso dos Deputados na sesión do 22.01.2019)
3. Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
4. Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.
5. Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Lousame.

Antecedentes Administrativos e fundamentos xurídicos:

1. Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), foi procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

2. Segundo o artigo 75 da LRBRL, para facer efectivas as retribucións ligadas ao réxime de dedicacións exclusivas e parciais é preciso:

- Que exista consignación orzamentaria..
- Que o Pleno Corporativo adopte o réxime retributivo dos cargos que teñan dedicación exclusiva e parcial.
- Que o Presidente da Corporación determine os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial.
- Que os membros corporativos nomeados, acepten ese réxime de dedicación exclusiva e parcial.

3. Mediante Resolución da Alcaldía 379/2023 do 08/07/2023 adoptouse o seguinte acordo, en relación ao réxime de dedicacións exclusivas e parciais:

Primeiro: Determinar os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial:

Tipo de dedicación	Cargo	Persoa que o ocupa
Exclusiva	Alcaldía-Presidencia	M ^a Teresa Villaverde Pais
Parcial	2 ^a Tenencia Alcaldía	Silvia Agrafojo Filgueira
Parcial	3 ^a Tenencia Alcaldía	Ramón Manuel Martínez Rial

Os cargos serán desempeñados no réxime sinalado dende a data do seu nomeamento no caso da Alcaldía-Presidencia (07/07/2023); e dende o 08/07/2023 (día seguinte ao do seu nomeamento) no caso da 2^a e 3^a Tenencia de Alcaldía.

Segundo: O réxime retributivo e a alta na Seguridade Social ou mutua correspondente vinculado ao desempeño dos anteriores cargos, así como a súa aplicación con carácter retroactivo (ao 07/07/2023 e 08/07/2023 respectivamente)

queda expresamente condicionado ao acordo favorable que ao respecto adopte o Pleno Corporativo, na sesión extraordinaria organizativa.

Terceiro: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar, e notificar aos interesados co réxime de recursos aplicables.

4. Na sesión organizativa que tivo lugar o día 12/07/2023, o Pleno Corporativo, adoptou, en resumo o seguinte acordo:

Primeiro: Acordar o desenvolvemento do seguinte cargo en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións brutas anuais que se recollen no cadro seguinte:

CARGO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA	ALCALDÍA
PERSOA QUE O OSTENTA	M ^a Teresa Villaverde Pais
ÁREAS DE XESTIÓN	Área de Alcaldía Área de Urbanismo Área de Parques e Xardíns e Turismo Área de Persoal Área de Relacións Veciñais
RETRIBUCIÓN ATÉ O 31.12.2023	As consignadas no Orzamento Municipal 2023: Retribucións brutas anuais (14 pagas): 43.685,85 € Trienios 2023 (14 pagas): 7.075,12 € ⁽¹⁾ (1) A contía dos trienios (funcionaria de carreira en situación de servizos especiais) será actualizada en función do seu recoñecemento pola Administración de orixe, así como en función da contía que cada ano aprobe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.
RETRIBUCIÓN DENTE O 01.01.2024 ATÉ O FIN DO MANDATO CORPORATIVO	Retribucións brutas anuais (14 pagas): 43.685,85 € Trienios 2023 (14 pagas): 7.075,12 € ⁽¹⁾ (1) A contía dos trienios (funcionaria de carreira en situación de servizos especiais) será actualizada en función do seu recoñecemento pola Administración de orixe, así como en función da contía que cada ano aprobe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Terceiro: Tanto a dedicación exclusiva coma as parciais darán lugar as percepcións aprobadas polo Pleno Corporativo, que se farán efectivas en 14 pagas anuais, 12 ordinarias e 2 extraordinarias; co réxime de vindicación aplicable aos empregados públicos do Concello de Lousame. Do mesmo xeito, terán dereito ao desfrute do seu período vacacional correspondente.

Cuarto: Os cargos con dedicación exclusiva e parcial, dun modo semellante ao que sucede cos empregados municipais de Lousame, que se atopan en situación de incapacidade temporal (IT) ou licenza por enfermidade, percibirán un complemento retributivo, dende o primeiro día en situación de IT ou de desfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime da Seguridade Social ou mutua que corresponda, alcance o 100% das retribucións fixas e ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal ou licenza.

Quinto: En aplicación da xurisprudenza que permite que a alta na Seguridade Social ou mutua correspondente, así como o réxime de retribucións vinculado ás dedicacións exclusivas en parciais, se tramite con efectos retroactivos, sempre que efectivamente se presten os servizos e non se incorra en ningún suposto de incompatibilidade; e visto que se cumpren ditos condicionantes, aprobar o carácter retroactivo do réxime retributivo aprobado, do seguinte xeito:

- Cargo de Alcaldía-Presidencia con dedicación exclusiva: carácter retroactivo até a data do seu nomeamento (07/07/2023)
- Cargo de 2^a e 3^a Tenencia de Alcaldía con dedicación parcial: carácter retroactivo até o día seguinte á data do seu nomeamento como Tenente de Alcalde e Concelleiros Delegados (08/07/2023).

De acordo co artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o nomeamento dos membros da Corporación para algún destes cargos con réxime de dedicación exclusiva/parcial, unicamente xurdirá efectos no momento no que se sexa aceptado expresamente por estes, o que se comunicará ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

Sexto: O pagamento das cotas empresariais que corresponda, será asumido polo Concello de Lousame, de conformidade co previsto no artigo 74 da LRBRL.

Sétimo: A partires da adopción deste acordo, as retribucións brutas anuais (tanto por dedicación exclusiva e parcial) seguirán, aos efectos da súa revisión, o mesmo réxime aplicable ás retribucións do persoal funcionario da Corporación Local, sen necesidade de acordo plenario adicional, respectando en todo caso os límites máximos fixados para as retribucións dos cargos electos, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Oitavo: Segundo o artigo 75.5 da LRBRL, este acordo plenario será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Editos do Concello.

5. Con rexistro de entrada 202500000000223 do día 21.02.2025, M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa deste Concello, presenta renuncia ás retribucións inherentes ao desempeño dese cargo en réxime de dedicación exclusiva. Isto é, continuará desempeñando o cargo de Alcaldesa, pero non o fará en réxime de dedicación exclusiva, e polo tanto renuncia ás retribucións inherentes a ese desempeño exclusivo.

Á vista do antecedentes e fundamentos expostos, **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar o réxime de dedicacións exclusivas e parciais aprobado mediante Resolución desta Alcaldía 379/2023 do 08/07/2023, do seguinte xeito:

- A) O réxime de dedicacións exclusivas e parciais, así como os membros corporativos que ostentan ditas dedicacións, aprobados mediante Resolución da Alcaldía 379/2023 do 08/07/2023, permanecerá vixente até o **31/03/2025**.
- B) A partir do día **01/04/2025**, os membros da Corporación que realizarán as súas funcións, en réxime de dedicación exclusiva/parcial, serán os seguintes:

Tipo de dedicación	Cargo	Persoa que o ocupa
Parcial	2ª Tenencia Alcaldía	Silvia Agrafojo Filgueira
Parcial	3ª Tenencia Alcaldía	Ramón Manuel Martínez Rial

Segundo: Dar de baixa a M^a Teresa Villaverde Pais, tanto en nómina como no réxime de cotización que lle corresponde, o día 31/03/2025.

Terceiro: Dar conta ao Pleno Corporativo desta Resolución, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Lousame, a 17 de marzo do 2025

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

2025/1720

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LOUSAME

Asistencias, indemnizacións, asignación GPM e modificación das Bases de Execución do Orzamento

No cumprimento do artigo 75.5 da LRBRL, faise público que o Concello de Lousame, na sesión organizativa que tivo lugar o día 12.07.2023 adoptou o seguinte acordo, cuxo texto se transcribe integramente:

<< Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

- 1.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- 2.- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- 3.- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- 4.- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2023.

Fundamentación xurídica:

Primeiro: O artigo 75 da LRBRL ocúpase desta materia (asistencias pola concorrencia ás sesión de órganos colexiados e indemnizacións) no seguinte sentido:

“3. Sólo los miembros de la Corporación que *no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial* percibirán *asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación* de que formen parte, en la *cuantía señalada por el pleno de la misma.*”

4. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán *indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo*, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas *apruebe el pleno corporativo.*

5. Las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, *dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. Deberán publicarse íntegramente en el “Boletín Oficial” de la Provincia* y fijarse en el *tablón de anuncios de la Corporación* los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial.”

Segundo: O Orzamento Municipal para o exercicio 2023, na Base de Execución núm. 40.2 e 40.3, recóllase o réxime vixente no mandato corporativo 2019-2023, de acordo coa seguinte desagregación:

- **BEO 40.2: Indemnización por asistencia a órganos colexiados**

Segundo o acordo plenario adoptado na sesión organizativa do mandato corporativo 2019-2023, que tivo lugar o 04.07.2019, as cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, son:

- *Por asistencia Plenos: 100,00 €*
- *Por asistencia a Xuntas de Gobierno Local: 90,00 €*
- *Por asistencia a Comisións Informativas: 90,00 €*
- *Por asistencia a Xuntas de Concelleiros Delegados: 90,00 €*
- *Por asistencia a Mesas de Contratación: 90,00 € (no caso de varias Mesas de Contratación consecutivas, só se vindicará unha asistencia)*

Xustificaranse mediante certificación de Secretaría ou copia das actas das correspondentes sesións. A tramitación do gasto farase a mes vencido, e imputarase ao exercicio orzamentario no que se aprobe o gasto.

Establécese un límite máximo mensual a percibir polos membros corporativos, no concepto de indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados:

- 600 € / mensuais para cada cargo electo (o que supón que como máximo indemnizaríanse esta cantidade mensual por todas as asistencias aos diferentes órganos colexiados por cada cargo electo)

- BEO 40.3: Indemnizacións por Comisións de Servizo (dietas, quilometraxes, etc)

Segundo o acordo plenario adoptado na sesión organizativa do mandato corporativo 2019-2023, que tivo lugar o 04.07.2019, os membros corporativos que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizadas mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, a través de liquidación practicada. Terán tamén dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón do servizo.

A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será de 0,19 € por quilómetro percorrido. Nos restantes casos indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

En todo o non previsto na presente Base, en es especial, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no RD 462/2002 e demais normativa vixente na materia.

Considérase pertinente manter o réxime do mandato corporativo 2019-2023, no actual mandato corporativo 2023-2027; sen prexuízo das ulteriores modificacións que poida aprobar o Pleno Corporativo.

Terceiro: No tocante ás asignacións aos grupos políticos municipais, o artigo 73.3 da LRBRL preceptúa:

“3. A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos.

El Pleno de la corporación, con cargo a los Presupuestos anuales de la misma, podrá asignar a los grupos políticos una dotación económica que deberá contar con un componente fijo, idéntico para todos los grupos y otro variable, en función del número de miembros de cada uno de ellos, dentro de los límites que, en su caso, se establezcan con carácter general en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado y sin que puedan destinarse al pago de remuneraciones de personal de cualquier tipo al servicio de la corporación o a la adquisición de bienes que puedan constituir activos fijos de carácter patrimonial.

Los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les hubiesen correspondido de permanecer en el grupo de procedencia, y se ejercerán en la forma que determine el reglamento orgánico de cada corporación.

Esta previsión no será de aplicación en el caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cuando alguno de los partidos políticos que la integren decida abandonarla.

Los grupos políticos deberán llevar con una contabilidad específica de la dotación a que se refiere el párrafo segundo de este apartado 3, que pondrán a disposición del Pleno de la Corporación, siempre que éste lo pida.

Quando la mayoría de los concejales de un grupo político municipal abandonen la formación política que presentó la candidatura por la que concurrieron a las elecciones o sean expulsados de la misma, serán los concejales que permanezcan en la citada formación política los legítimos integrantes de dicho grupo político a todos los efectos. En cualquier caso, el secretario de la corporación podrá dirigirse al representante legal de la formación política que presentó la correspondiente candidatura a efectos de que notifique la acreditación de las circunstancias señaladas.”

Cuarto: O Orzamento Municipal para o exercicio 2023, na Base de Execución núm. 39, recolle o réxime vixente no mandato corporativo 2019-2023, de acordo co seguinte detalle:

1. As dotacións económicas para os grupos políticos municipais (GPM), conforme co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, constarán dun compoñente fixo, idéntico para cada un dos grupos, e outro variable en función do número de membros de cada un deles. Así, aos GPM legalmente constituídos, e para o funcionamento dos mesmos, correspóndelles as seguintes asignacións económicas mensuais:

- Compoñente fixo da asignación: 30 euros por Grupo político municipal.
- Compoñente variable da asignación: 40 euros por Concelleiro integrante do Grupo.

2. Esta transferencia pagarase, previa solicitude, trimestralmente, semestralmente ou anualmente; segundo a preferencia manifestada por cada Grupo Político Municipal; e sempre co carácter de mes vencido, isto é, non se transferirán os fondos con

carácter previo á súa vindicación. Queda exceptuada da regra anterior a transferencia relativa ao mes de decembro do ano natural, que será aprobada e pagada na propia mensualidade, para respectar o principio de anualidade orzamentaria.

3. Estas dotacións cumprirán os seguintes requisitos:

- Non poden destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.
- Ingresaranse en conta aberta a nome dos Grupos Políticos Municipais, na entidade bancaria que sinalen ao efecto.

4. A achega terá carácter incondicional, polo que non será necesario xustificar o destino dado aos fondos percibidos, sen prexuízo da necesidade de levar unha contabilidade específica e conservar os correspondentes xustificantes, que se porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

Co obxecto de garantir o adecuado destino dos fondos e o cumprimento da normativa aplicable, considérase conveniente modificar o punto número 4 da Base de Execución Orzamentaria número 39 no seguinte sentido:

“4. Os Grupos Políticos Municipais deberán levar unha contabilidade específica da asignación recibida, que deberán poñer a disposición do Pleno Corporativo cando este así o requira. Ademais, deberán xustificar a aplicación das contías recibidas no primeiro trimestre natural do ano seguinte ao que se refiran. Para isto, deberán remitir á Intervención Municipal unha relación dos gastos realizados con cargo á asignación, coa súa descrición e a documentación xustificativa correspondente, que será posta a disposición do Pleno Corporativo. As cantidades non aplicadas ou incorrectamente aplicadas, serán obxecto de reintegro”

Considerando o artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal será o Pleno, a proposta do Presidente, o que determinará as indemnizacións e asistencias que lle corresponde percibir aos membros corporativos, así como as asignacións que lle corresponden aos Grupos Políticos Municipais, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Acordar as seguintes indemnizacións por asistencia a órganos colexiados, que serán efectivas a partir da adopción deste acordo, no seguinte sentido:

- Indemnizacións por asistencia a órganos colexiados

As cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, son:

- Por asistencia Plenos: 100,00 €
- Por asistencia a Xuntas de Goberno Local: 90,00 €
- Por asistencia a Comisións Informativas: 90,00 €
- Por asistencia a Xuntas de Concelleiros Delegados: 90,00 €
- Por asistencia a Mesas de Contratación: 90,00 € (no caso de varias Mesas de Contratación consecutivas, só de devindicará unha asistencia)

Xustificaranse mediante certificación de Secretaría ou copia das actas das correspondentes sesións.

Establécese un límite máximo mensual a percibir polos membros corporativos, no concepto de indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados:

- 600 € / mensuais para cada cargo electo (o que supón que como máximo indemnizaríanse esta cantidade mensual por todas as asistencias aos diferentes órganos colexiados por cada cargo electo)

Segundo: Acordar as seguintes indemnizacións por comisións de servizos, que serán efectivas a partir da adopción deste acordo, no seguinte sentido:

- Indemnizacións por Comisións de Servizo (dietas, quilometraxes, etc)

Os membros corporativos que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizadas mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, a través de liquidación practicada. Terán tamén dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón do servizo.

A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será de 0,19 € por quilómetro percorrido. Nos restantes casos indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

En todo o non previsto na presente Base, en es especial, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no RD 462/2002 e demais normativa vixente na materia.

Terceiro: Acordar as seguintes asignacións a favor dos diferentes Grupos Políticos Municipais do mandato 2023-2027, que serán reguladas a través dunha nova Base de Execución Orzamentaria, co número 39 bis:

- **Achegas aos Grupos Políticos Municipais (aplicable ao mandato corporativo 2023-2027)**

1. As dotacións económicas para os grupos políticos municipais (GPM), conforme co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, constarán dun compoñente fixo, idéntico para cada un dos grupos, e outro variable en función do número de membros de cada un deles. Así, aos GPM legalmente constituídos, e para o funcionamento dos mesmos, correspóndelles as seguintes asignacións económicas mensuais:

- Compoñente fixo da asignación: 30 euros por Grupo político municipal.
- Compoñente variable da asignación: 40 euros por Concelleiro integrante do Grupo.

2. Esta transferencia pagarase, previa solicitude, trimestralmente, semestralmente ou anualmente; segundo a preferencia manifestada por cada Grupo Político Municipal; e sempre co carácter de mes vencido, isto é, non se transferirán os fondos con carácter previo á súa vindicación. Queda exceptuada da regra anterior a transferencia relativa ao mes de decembro do ano natural, que será aprobada e pagada na propia mensualidade, para respectar o principio de anualidade orzamentaria.

3. Estas dotacións cumprirán os seguintes requisitos:

- Non poden destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.
- Ingresaranse en conta aberta a nome dos Grupos Políticos Municipais, na entidade bancaria que sinalen ao efecto.

4. Os Grupos Políticos Municipais deberán levar unha contabilidade específica da asignación recibida, que deberán poñer a disposición do Pleno Corporativo cando este así o requira. Ademais, deberán xustificar a aplicación das contías recibidas no primeiro trimestre natural do ano seguinte ao que se refiran. Para isto, deberán remitir á Intervención Municipal unha relación dos gastos realizados con cargo á asignación, coa súa descrición e a documentación xustificativa correspondente, que será posta a disposición do Pleno Corporativo. As cantidades non aplicadas ou incorrectamente aplicadas, serán obxecto de reintegro.

Cuarto: Aprobar inicialmente a modificación das Bases de Execución Orzamentarias, coa inclusión da Base número 39 bis, que quedará redactada nos termos recollidos no parágrafo terceiro deste acordo.

Do mesmo xeito, as Bases de Execución 40.2 e 40.3 serán modificadas para sinalar a súa aplicación ao mandato corporativo 2023-2027 e á sesión na que se acorde a súa aprobación inicial.

Expoñer ao público a modificación das Bases de Execución Orzamentarias, durante o prazo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamación ante o Pleno.

As Bases de Execución consideraranse definitivamente aprobadas se durante o dito prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporía dun mes para resolvelas. As Bases de Execución modificadas entrarán en vigor coa súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación das mesmas no BOP.

Quinto: Segundo o artigo 75.5 da LRBRL, este acordo plenario será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Editos do Concello>>

Lousame, 13 de xullo do 2023

A Alcaldesa, M^ª Teresa Villaverde Pais

2023/6280